

# MONTE DO FACHO, CASTRO OU SANTUARIO?: A CAMPAÑA DO 2008 E A ARQUITECTURA SACRA NA CULTURA CASTREXA

José Suárez Otero

## RESUMO:

Preséntase por vez primeira un grupo de estruturas arquitectónicas e manifestacións artísticas que definen e singularizan ó castro do Monte do Facho, no que ambos elementos conxuganse para dibuxar un espazo adicado a actividades de carácter ritual e/ou cultural. Unha característica que semella marcar ó castro no seu conxunto.

**Palabras-Chave:** Arquitectura; Escultura; Sacralidade; Castro-santuario.

## ABSTRACT:

First introduction of a group of architectural structures and artistic expressions that made singular the Monte do Facho Hillfort, where both elements are combined to create a cultural and ritual space. A feature that seems applicable to the Hillfort as a whole.

**Keywords:** Architecture; Sculpture; Sacrality; Hillfort-sanctuary.

## INTRODUCCIÓN

### O Monte do Facho

O Monte do Facho ven sendo nos derradeiros anos un dos xacementos castrexos galegos máis relevantes, tanto pola súa singularidade como polos intensos e prolongados traballos que se veñen efectuando nel, e moi especialmente polo descubrimento dun excepcional conxunto de altares votivos de época galaico romana. Coñecido como xacemento dende mediados do século pasado e como santuario galaico-romano dende os anos sesenta desa mesma centuria<sup>1</sup>, serán os traballos levados a cabo a partires do 2003 polo Concello de Cangas e o Instituto Arqueolóxico Alemán, os que coloquen definitivamente o xacemento entre os máis significativos para o coñecemento arqueolóxico da relixión galaicorromana, ó tempo que permitiron avaliar a relevancia do enclave na súa etapa prerromana, a que de maneira breve e parcial dedicaremos estas páxinas<sup>2</sup>. As xa abondosas publicacións sobre eses traballos permítennos evitar aquí a localización e descrición do Monte do Facho<sup>3</sup>.

---

<sup>1</sup> FARIÑA, F. - SUÁREZ, J. (2002): 25-52; BARCIELA, P. - SUÁREZ, J. ed. (2005).

<sup>2</sup> Agradecemos a nuestros colegas Th. Schattner y M. Koch, así como al Instituto Arqueológico Alemán de Madrid, el apoyo y sugerencias en el desarrollo de nuestro trabajo. Lo mismo a F. Fariña, J.C. Bermejo, M<sup>a</sup> Luisa Castro, R. Rodríguez, F. Calo y John Patersson en lo referente a la elaboración de este texto.

<sup>3</sup> SCHATTNER et alii (2005): 135-183; SCHATTNER et alii (2004): 23-72; SUÁREZ et alii (2005): 45-59; KOCH (2005); SCHATTNER et alii (2006): 169-191; SCHATTNER et alii (2006): 9-46; KOCH et alii (2014): 249-268.

## Breve introdución ó Monte do Facho prerromano

O poboado castrexo foi un dos obxectivos preferentes das últimas campañas de escavación, seguindo as premisas previas dunha intervención en área dirixida a rescatar unha visión o máis ampla posible da última fase de ocupación de este poboado, marco e premisas nas que se insire a campaña do 2008. Do desenvolvemento desas intervencións a imaxe obtida é a dun asentamento que tivo que salvar as dificultades dunha orografía difícil, con acusadas pendentes cubertas totalmente polo rochedo granítico, para o que se suavizan esas condicións –construción de muros de aterraplenado, eliminación parcial do rochedo-, coa adaptación das mesmas –as construcións cólganse sobre a pendente configurándose en forma e dimensións segundo disposición do terreo. Un asentamento que ocupa a parte alta do monte, así como toda a ladeira norte con proxeccións cara o Este e o Oeste, e rodeado dun importante sistema defensivo conformado por tres liñas de murallas e un pequeno foxo no extremo noroccidental do monte. A pesar das condicións específicas impostas pola orografía, a arquitectura responde ás características do mundo castrexo: uso da cachotería concertada en parede dobre, formas con predominio do curvilíneo, pero con características que falan xa dun carácter tardío da ocupación que estudamos: cachotería de conformación regular e traballada a pico, aparellos poligonais e incidencia ocasional do helicoidal. A especificidade estaría na abundante presenza de edificios trapezoidais e de morfologías atípicas, ou a preferencia polas construcións de gran tamaño, fronte ás que responderían as dimensións típicas nos fins da cultura castrexa: sec. I a.C.- séc. I d.C.<sup>4</sup>.

No ámbito da vida cotiá temos datos para as últimas fases de ocupación do castro, especialmente para o previo ó abandono do mesmo. Trátase dun horizonte que se expresa nunha abondosa presenza de ánforas e algunhas vaixelas de luxo xa de produción romana, como as que presentan decoración pintada e, malia que aínda de maneira escasa, as “paredes finas” datables na primeira metade do século I d.C., e mesmo algún fragmento de “*Terra Sigillata Hispánica*”. A estas hai que sumar outras cerámicas, tamén de tradición romana, pero elaboradas xa no ámbito rexional, como é o caso das cerámicas pintadas “bracarenses” ou doutras carentes de decoración e destinadas a usos máis comúns. A cerámica máis frecuente, como cabería esperar, é a que responde ás producións locais, realizadas na tradición da cerámica castrexa da área sudoccidental galaica. Grandes recipientes de contención, olas, xerras e cuncos son as formas máis comúns, nunha cerámica decorada fundamentalmente con motivos en relevo ou obtidos mediante incisión. Destaca a presenza de grandes fontes de asas interiores, ou o predominio das olas “tipo Vigo”, en tódalas súas variantes. No apartado dos metais, mencionar a relativa abundancia dos obxectos de uso cotián realizados en ferro, como coitelos, cravos, argolas; ou en bronce, caso das fíbelas, nas que predominan as “tipo Aucissa” e as anulares, e en menor medida broches de cinto, agullas e outros. Nun contexto aínda referido ó metal pero nun ámbito de características específicas, como é o da moeda, temos que sinalar a aparición de varios exemplares da moeda da “Caetra” e un denario de Augusto.

En definitiva, un contexto típico para o cambio de Era, cunha clara proxección temporal no século I d.C.<sup>5</sup>, que remataría cara os inicios do derradeiro terzo do mesmo e tería na última fase do castro de Montealegre, na mesma Península do Morrazo, en niveis tardíos do Castro de Vigo, o outro lado da ría de Vigo, ou no, xa algo máis ó sur, castro de Santa Trega, os seus paralelos máis próximos<sup>6</sup>. Aínda que apenas escavados, constatouse a existencia de outros dous horizontes previos, un centrado no século I a. C., con ánforas “Dressel 1” e cerámicas indíxenas propias de esa cronoloxía; outro máis antigo con cerámica, na que abunda a decoración estampillada, identificable co repertorio alfareiro das Rías Baixas na chamada Fase Media da cultura castrexa<sup>7</sup> e co que cabería relacionar algunha cerámica

<sup>4</sup> ALMEIDA, C.A.F. de (1984): 36-38; QUEIROGA, F. (2005): 160-162.

<sup>5</sup> SCHATTNER, Th. G. et alii (2006): 169-191; SCHATTNER, Th. G. et alii (2006): 9-46.

<sup>6</sup> GONZÁLEZ, A. - RODRÍGUEZ, R. (2006): 156-165; PEÑA SANTOS (1986): passim.

<sup>7</sup> REY CASTIÑEIRAS, J. (1991-92), 141-163; GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2006/2007): 466-479.

importada, como un fragmento dunha copa “campaniense” ou o do galbo dunha ánfora “grecoitalica”, que nos retrotrae alomenos ó séc. II a.C.

## ESPAZOS E ESTRUTURAS

A meirande parte das estruturas escavadas no 2008 responden ó patrón típico da cultura castrexa e polo de agora dominante, aínda que non na medida do habitual, no monte do Facho. Estámonos a referir a un conxunto de edificios circulares, nos que hai que destacar tamén a súa disposición regular formando unha liña paralela ó muro de aterraplenado e en correspondencia, senón exacta, bastante equilibrada, coa serie delas que dispuñan inmediatamente por riba de dito muro. Ó lado deste conxunto e en relación ó mesmo aparece, como xa ven sendo frecuente no Facho, outros edificios de morfoloxía diversa, aquí expresados nun de forma elíptica e outro trapezoidal de esquinas curvas, ámbolos dous tipos xa coñecidos noutras partes do poboado, ademais dun terceiro de forma semicircular. Mesmo nos edificios de forma circulares atopamos máis diferenzas que as de tamaño, nun caso pola a presenza dun posible vestíbulo, pero sobre todo pola necesidade de adaptación a un terreo de forte pendente e conformación irregular que forza a matizar esa aparente uniformidade. Tamén no tipo de fábrica: dobre parede en cachotería concertada de granito de pequeno e mediano tamaño, constatamos heteroxe-neidade, expresada pola existencia de tipos de aparellos diferenciados, as veces nun mesmo edificio, destacando o contraste entre construcións con cahotería pequena e irregular con aqueles outros de aparello poligonal, ou presenza do que combina o aparello de mediano tamaño ben traballado rexuntado con pequenas pedras nun estilo xa constatado para o norte de Portugal<sup>8</sup>, ou a pervivencia de aparellos marcados pola a irregularidade, tanto en tamaño como en composición, dunha cachotería apenas traballada. Pero será sobre todo a existencia de estruturas internas o que, segundo a súa presenza ou non e a súa conformación, singularizará ós edificios. Será nesas construcións con interiores complexos nas que imos centrar o noso interese.

### A Estrutura VII e a arquitectura compartimentada

Unha construción na que xa se interviria en campañas anteriores (2004 e 2005) aínda que dun xeito moi tanxencial<sup>9</sup>. No 2008 acometeuse a escavación total da estrutura, que se definiu como unha construción circular de boas dimensións (ca. 7 m de diámetro) conformado por un potente muro de cachotería granítica, polo xeral de pequeno tamaño, nunha fábrica a base de fiadas horizontais. As dimensións e a falla das para este asentamento típicas pedras para soste o teito, fan dubidar de sí realmente estamos diante dunha construción pechada, de un edificio, ou dunha aberta, de un recinto; unha dúbida que non é infrecuente diante das estruturas descubertas no Facho. Por outra banda, unha das características máis marcadas desta estrutura, como o será en tódolos desta área, é o ter que salvar unha forte pendente, de aí o grosor das súas paredes, especialmente cara o Norte onde a caída do terreo é máis acusada, e o reforzar nesa parte a construción cun forte muro de aterraplenado de forma recta e remates curvos só pensado para este edificio, aínda que se engarza cara o Este co que sostén ó edificio contiguo. A consecuencia será unha parte, aquela que se dispón cara a ladeira -ó Noreste, pesimamente conservada, tanto nas súas paredes como no seu interior.

O máis destacable desta construción está no seu interior, donde sobre un pavimento ó uso no xeral do castro, composto por barro cocido, aparece unha complexa serie de estruturas que por esa mesma complexidade e o mal estado de conservación resulta difícil mesmo definir, e moito máis interpretar. Esa complicación estrutural, na que aquelas posibles escadas de acceso aparecen agora como unha posible plataforma achegada ó muro, con dous niveis conformados por sendos perpiaños sobre unha

<sup>8</sup> QUEIROGA, F. (2005): 161.

<sup>9</sup> “Bau H” in SCHATTNER et alii (2006): p. 182 y Abb. 3.

basa de cachotería. As que se engaden restos de pequenos muretes que semellan claramente fragmentar o edificio internamente. A eses muretes hai que engadir algunha concentración de pedras aínda de máis difícil definición, pero que semellan ser o baseamento de estruturas desaparecidas, ou repisas achegadas ó muro, neste caso de forma semicircular e construída por cachotería concertada. E, de maneira máis destacada, unha estrutura configurada por dous muretes en ángulo que definen un espazo cuadrangular baldeiro e aberto, sen restos que o relacionen cunha función tipo fogar ou semellante, aínda que delimitan unha fosa irregular, tanto no contorno como nunha base en dous niveis; conxunto estrutural ó que se asocia unha pequena pedra fincada<sup>10</sup>. Outra fosa de características semellantes a descrita, aínda que de forma tendente a semicircular (ca. 1 m de ancho e 60 cm. de longo) e achegada ó muro, cara ó sur, con base irregular non moi fonda e na que aparecían algúns fragmentos cerámicos. Unha terceira, máis pequena e tendente a cadrada, tamén irregular, especialmente no fondo, podería interpretarse como o negativo de outras estruturas feitas en material perecedeiro que desapareceron. Un inconveniente definitivo cara a interpretación dese complexo estrutural é a perda total de a metade do edificio polo arrastre de materiais derivado da acusada pendente existente.

En conclusión, e coñecendo tan so algo máis da metade do estrutura, unha complexa conxunción de repisas achegadas ó muro, muretes e fosas, na que destaca unha estrutura central dionde esas dúas últimas formas se combinan definindo unha estrutura rectangular que acobilla unha fosa irregular, ó tempo que parece asociarse cunha pedra fincada perto do seu ángulo noroeste. Todo esa abigarrada composición aséntase sobre o un piso de barro cocido e representa a derradeira fase de ocupación dunha construción que ten alomenos un chan anterior das mesmas características. No material asociado e dentro dunha relativa escaseza pola tamén limitada potencialidade estratigráfica, destacan pola súa especificidade algunhas pedras puidas, o carón de pequenos cantos rodados, ou unha acumulación significativa de “fichas” de xogo; tamén a parte superior dun muiño circular e no apartado cerámico, abundantes fragmentos de ánfora: a metade superior dunha “Haltern 70” aparecía rota contra o exterior da estrutura central.

### **As Estructuras XVIII e XXIX: estruturas interiores vs. ergoloxía**

A estrutura XVIII é un edificio circular de boa fábrica: presenza do aparello poligonal; esa calidade dos muros e algunhas “pesas de colmo” aparecidas ó exterior, garanten que estamos diante de un edificio teitado. O seu estado de conservación varía segundo a disposición con respecto a pendente, e así atopamos ben conservada a súa metade Sur/Suroeste e moi degradada a oposta. Presenta no interior e contra o segmento Sueste do muro unha curiosa estrutura de forma irregular pero tendente a cadrada, disposta sobre unha base de terra e pedras que descansa no derradeiro nivel de pavimentación do edificio. Trátase dunha especie de plataforma ou repisa conformada por tres pedras de bo tamaño, unha delas de labra coidada e as outras máis basta, acompañadas doutra de pequenas dimensións e aspecto tosco. A esa repisa parece asociarse un murete tosco que parece separar esa plataforma e a metade Norte/Noreste da construción. Unha pequena acumulación de pedras, agora de pequeno tamaño, tamen irregular aínda que con forma tendente a semicircular, adosase ó segmento meridional da construción; estrutura dubidosa, podería servir de asento doutra plataforma ou similar. Finalmente destaca unha pequena pedra prismática de aristas romas e superficies moi ben traballadas -alisadas- que se dispuña sobre o piso de barro cocido e achegada á parede -no seu tramo occidental- da construción.

Non menos salientable é o que acontece co rexistro exhumado tamén no seu interior, pois resultou ser practicamente estéril, agás os restos dunha oliña de boa factura e decoración plástica que apareceron deitados directamente sobre o piso e nas inmediacións da pedra prismática que vimos de describir. Un piso de barro cocido que, aínda que de mellor calidade ou en mellor estado de conservación que na meirande parte dos edificios polo de agora escavados, constituía a base do derradeiro horizonte de uso

---

<sup>10</sup> Un elemento que xa aparecera no edificio XLIV da campaña do 2007, tamén vinculado a unha división interna do edificio.

e preséntase como límite inferior dos niveis de abandono dos mesmos: neste caso o estrato que recolle o proceso de abandono e primeiros restos da amortización da estrutura componse dunha amalgama de terras amarelas e moita pedra, na que faltan calquera tipo de evidencia arqueolóxica ata chegar o pavimento mesmo no que, ademais da mencionada oliña, aparecen outro fragmento cerámico inmediato a plataforma e pequenas concentracións de carbóns as que se asocia algúns pequenos osos.

Esa plataforma de forma rectangular e construída con pedras trabadas afástase das mencionadas para a estrutura VII, pero non é a primeira vez que aparece no Facho. Unha estrutura semellante foi detectada na construción XXXII, ubicada nunha parte máis baixa da ladeira, aínda que nese caso contextualizada nun horizonte rico en materiais e cunha asociación directa a unha significativa acumulación de carbóns e restos orgánicos, pero tamén cun depósito ritual composto por un puñal e un coitelo, ambos en ferro<sup>11</sup>. Ambas plataformas ou repisas, dado que sempre se adosan ó muro da construción, son, sen embargo, claramente diferentes dos fogares que polo de agora foron recoñecidos no castro, a meirande parte ubicados no centro da construción e sempre en forma de caixa aberta nun dos seus lados. En todo caso, a que agora tratamos, nin ela, nin a súa contorna amosan evidencia algunha de ter sufrido a acción do lume. Finalmente, o carácter arqueolóxicamente estéril do edificio, cando menos na súa derradeira fase de uso, ten tamén un probable paralelo no Facho, pois unha circunstancia semellante aconteceu na estrutura VI, tamén circular e de novo cunha especificidade construtiva: o dobre muro que o conforma<sup>12</sup>. Trátase nos dous casos de construcións que se mantiveron intencionalmente limpas durante o seu uso, limpeza que é o único rasgo que caracteriza dito uso, agás a presenza dalgunha pequena cremación e a existencia dalgún recipiente, quizais relacionado coa mesma.

En canto a estrutura XXIX, en parte xa escavada na campaña do 2005, definíuse como un edificio de cachotería granítica concertada, con forma elíptica e pequenas dimensións, que se dispuña, ademais, nun ámbito topográfico bastante complicado: asentado sobre unha afloración do rochedo granítico e nun punto de inflexión dunha ladeira polo xeral de pendentes moi acusadas. Esas condicións fixeron que o seu estado de conservación resulte bastante deficiente: so se conserva e con escaso alzado o muro situado no lado Sur-Suroeste, que se corresponde coa parte máis elevada do espazo que ocupa; mentres que no lado oposto, o Este-Noreste, desapareceu ata a base da cimentación; pola súa banda, os segmentos menores da elipse teñen un conservación diferenciada segundo se acheguen a un ou outro dos antes mencionados. No interior, a estrutura XXIX conserva un pavimento de barro cocido, aproximadamente nun terzo da superficie e cara o lado sur. Baixo dita pavimentación aparece outro conformado por un laxeadado de pedras –único polo de agora no xacemento- pero que so se puido ver nun pequeno vacío que deixou o que o cubre, pois como ese desaparece por destrución na metade norte do edificio. Outro elemento a ter en conta é a existencia cara o centro da construción dunha fosa de contorno irregular que lembra algunha das citadas para a estrutura VII.

Queda, por último, valorar esas estruturas como posible conxunto arquitectónico. O primeiro dato a ter en conta e a presumible posterioridade da XXIX con respecto a XVIII, pois a parede da primeira adosase á da segunda e, nese intervalo de coincidencia entre ambas, carece de cara exterior. A disposición relativamente equilibrada entre ambas dúas estruturas, a posición da XXIX ocupando o espazo entre a outra construción e a caída brusca da pendente cara a ladeira media e o caseiro que nela se dispuña, fai pensar nunha ligazón intencional entre as dúas estruturas e non só as constructivas: o edificio elíptico aproveita parcialmente ó anterior na súa construción, pero, ó mesmo tempo, servíralle a aquel de estribo que contrarrestase o acusada pendente sobre a que se levantou. Unha arquitectura complexa na que o edificio novo podería pasar a constituír unha dependencia dentro dun edificio estruturado en dúas partes, algo que xa é coñecido no Facho, aínda que sempre como fragmentación

<sup>11</sup> Intervencións do 2006 e 2007.

<sup>12</sup> Escavada en 2004 e 2005, esta construción está dentro de ese outro grupo de edificios circulares dispostos en liña e paralelos ós que estamos tratando, pero agora na plataforma superior (“Bau G” in SCHATNER et alii (2006): 182, Abb. 3 y 6, A-B.).

interna dun mesmo edificio. Ou, simplemente, un recinto anexo, a modo dos chamados “vestíbulos”, neste caso nunha condición de recinto-plataforma que facilitaría a comunicación do edificio principal -o XVIII- coa parte media e baixa do castro, atenuando o acusado declive do terreo nese punto. En favor desta última posibilidade estarían as paredes achegadas ó edificio prexistente, que presentarían problemas no seu desenrolo en altura e cara un posible teito, tamén a peor calidade do muro, así como o integrar no mesmo a penedía, e non eliminala, ou, finalmente, a presenza de un pavimento a base de laxeados, propio de espazos exteriores. Unha característica que relaciona esta arquitectura coa presenza de edificios con vestibulos, dos que se coñecen outros exemplos no Facho, tanto en edificios circulares como nos trapezoidaes de esquinas curvas, e mesmo un deles, a estrutura IV, aparece a mesma altura co XVIII, pero na liña de construcións disposta na plataforma superior do castro en paralelo a que estamos tratando. Unha característica, que como anexo ou como vestíbulo, redimensionaría arquitectónica y visualmente ó edificio, dandolle unha gran presenza no conxunto do castro, a pesares de que as súas dimensións son menores cas dos edificios que o acompañan. En definitiva, con outras características, voltamos a atopar como na estrutura VII elementos que o singularizan, ó tempo que parecen afastalo do carácter doméstico que lle cabería supoñer. De novo na arquitectura, polas dimensións e complexidade; de novo nas estruturas interiores, tanto levantadas como soterradas; agora tamén nos contidos, neste caso na súa ausencia.

### **A Estrutura XX e a arquitectura como imaxe**

Estamos de novo diante dun edificio circular, agora cunhas dimensións de conxunto lixeiramente por riba da media (ca. 7 m. de diámetro total). Aparece levantado sobre unha forte cimentación que presenta unha bancada perimetral, e aínda unha segunda no lado norte, alí onde a pendente é máis acusada e, tamén, onde o substrato granítico xoga un papel máis relevante no sostén do estrutura. Estes reforzos do baseamento fan que este edificio ofrezca unha impresión de máis envergadura da que xa ten polas súas dimensións, e que aínda se reforza coa proxección dunha das bancadas máis alá do propio edificio para dotar a este na súa cara oeste dunha especie de pequeno vestíbulo semicircular. Reforza a imaxe exterior do edificio un empedrado feito con cachotería de granito concertada, un elemento pouco frecuente polo de agora no xacemento, que se dispón no lado sur, entre as paredes do edificio e o gran muro de aterraxamento da croa. Todos os rasgos descritos inciden nunha imaxe de construción destacada dentro do caseiro, o que xa viña dado pola súa propia posición na parte máis alta da ladeira e o levantarse sobre unha penedía granítica, na que se intervén para asentar a arquitectura pero sen chegar a eliminala, senón mesmo aproveitándoa para a sobreelevación do edificio.

Posición, conformación, todos aspectos que inciden na peculiaridade e probable relevancia dentro do poboado dese edificio. Sen embargo, a esa arquitectura engádenselle unha serie de elementos que expresen xa de xeito incontestable a súa especificidade e importancia. En primeiro termo, esas paredes incluían na súa parte máis destacada, alí onde acadaban maior altura e complexidade -sistema de bancadas nunha cimentación sobreelevada cara o leste- a presenza na súa parte máis alta dunha escultura propia da decoración arquitectónica castrexa e que ven sendo denominada como “amarradoiro”<sup>13</sup>. Ao mesmo tempo nun interior moi alterado pola acusada destrución á que esa posición destacada e o forte da pendente o someteron, atopámonos cunha repisa moi semellante a comentada para a estrutura XVIII: unha combinación de perpiaños ben traballados e pedras bastas de diferentes tamaños, todo unido con argamasa para conformar unha pequena plataforma tendente a rectangular, que se adosa o segmento sur do muro e descansa sobre un baseamento de terra e pedras a uns dez centímetros sobre o pavimento de barro cocido disposto no interior do edificio e que representaría o derradeiro horizonte de ocupación do mesmo.

---

<sup>13</sup> A ubicación orixinal da peza basease na súa aparición inmediata ó exterior da parede e na parte máis baixa dos derrubes da mesma.

O novidoso e sorprendente neste caso fronte os xa coñecidos, vai ser a presenza, sobre a pedra mellor traballada das que conforman a estrutura, dun gravado a base dun sulco moi fino que debuxa unha liña ondulante que semella prolongarse nun tramo recto rematado, a súa vez, nun punto. Esta descrición semella apuntar cara unha representación herpetomorfa, algo inédito no Facho, pero non infrecuente na cultura castrexa. O destacable do noso exemplo é o estar ligado a unha estrutura e dentro dun edificio, e non no rochedo natural: ofrécenos, polo tanto, un contexto arqueolóxico específico e datable. Tamén resulta salientable a execución, polo reducido tamaño co que foi concibido e, sobre todo, polo estreito e pouco profundo da incisión coa que foi obtido. O que deriva nunha representación moi simple, pero ben definida, e apenas visible, sen evidenciar ningún proceso acusado de desgaste que motivara esa condición. En definitiva, un motivo sinxelo pero evidente, e máis insinuado que amosado, condicións que apuntan para que foi realizado cunhas intencións alleas ó estético e que fai pensar noutras funcións dentro do ámbito ideolóxico, aínda que polo de agora témonos que conformar coa mera posibilidade.

Non rematan ahí as peculiaridades deste edificio. Si volvemos ó seu exterior, atopámonos que no pequeno vestíbulo que antes describíamos aparece unha pedra de moi especiais características. Trátase dun “cipo” de granito, con forma lixeiramente troncocónica e remate superior levemente alombado, disposto no remate pero separado da parede que define o vestíbulo e, polo tanto no que debería ser acceso principal ó edificio. Ademais, este cipo presenta, en cada seu lado e dispostos simetricamente entre si, dous gravados de forma amendoada e cun trazo recto e curto que sae do que sería o seu extremo posterior, vendo a peza dende o exterior do edificio; o que hai que engadir a presenza na que sería a súa parte posterior –sempre dende unha visión de fora a dentro con respecto ó edificio- unha serie de trazos horizontais e paralelos que cobren a metade superior da peza. De novo estamos diante de incisións moi finas e, como consecuencia, difíciles de ver sen a axuda dunha luz rasante, que parecen querer converter unha xeometría simple, como é a que define o soporte, nunha iconografía máis complexa a que lle adicaremos un tratamento máis detallado no seguinte apartado.

### **A Estrutura LIX e a arquitectura segmentada**

A derradeira estrutura en descubrir e escavar e un curioso edificio de forma semicircular que se adosa ó gran muro de aterraxamento da croa, o cal ó mesmo tempo reemprega para facer contra el o muro recto que define o seu lado sur. Unha estrutura da que, sen embargo, xa sabía da súa existencia, pois dela afloraba unha peza granítica ben labrada, cadrada e de bo tamaño, que se dispuña horizontal sobre unha acumulación de terra e pedras a pouca altura do pavimento, no que resultou ser un ángulo deste singular edificio, e que pasa a constituír unha nova versión desas plataformas interiores presentes nas estruturas XVIII e XX: plataformas monolíticas. Unha variante que xa fora constatada para o último nivel de uso da estrutura XXXII, ofrecendo unha clave cronolóxica, en tanto que nese caso xa constatábase a existencia dunha plataforma non monolítica para un horizonte estratigráfico anterior, o que apunta a que estamos diante dunha solución tardía para a construción dese tipo de estrutura.

Cara a unha valoración máis desenvolvida da estrutura LIX hai que ter en conta o seu deterioro, un dos máis acusados no conxunto do castro, e explicable pola ubicación do mesmo nun punto especialmente elevado e do que arrinca a inflexión da ladeira, razóns ámbalas dúas que impediron ó cobrimento post-ocupacional dun edificio que, pola contra, estaba especialmente exposto o arrasamento e os arrastres. Ó que temos que engadir que esta estrutura non foi escavada na súa totalidade, pois a metade occidental do mesmo queda fora da área da intervención, a pesares do cal coidamos preciso mencionala, dado que reforza o carácter singular do marco arquitectónico no que se insire. Marco no ademais semella xogar un papel paradóxicamente importante, pois pechao polo seu extremo occidental, remarcando o papel que en dito conxunto arquitectural tivo o espazo non construído e situado entre os edificios e o muro de peche da croa, espazo que estaba pechado polo extremo oposto por outra construción, deixando ahí un pequeno acceso, prácticamente o único, agas os estreitos pasos entre as

estructuras que rodean a que agora comentamos. Fai fincapé no papel dese estreito espazo aberto que manifestou ter recibido un intenso uso no que o lume estaba especialmente presente. Incluímos esta estrutura tamén porque insiste no peso que teñen esas repisas nas construcións nas que aparecen, pois neste caso o reducido do tamaño do edificio ou recinto non permitiría desenvolver con facilidade actividades que non estivesen directamente relacionadas coa plataforma, e particularmente aquelas que poideran ter carácter doméstico. Un tamaño que na súa forma de medio edificio, lembranos a fragmentación dalgunhas das estruturas do Facho en dúas metades, con funcións aparentemente diferenciadas, do que este edificio pode ser unha individualización do que sería unha segmentación da arquitectura en razón da especificidade das funcións que se levasen a cabo na mesma.

## **PLÁSTICA CASTREXA E ARQUITECTURA NO MONTE DO FACHO**

### **A plástica castrexa**

Entre os logros máis relevantes da presente campaña están sen dúbida dúas pezas que volven a por o Facho entre os enclaves con expresións da plástica castrexa, e mesmo no grupo nos que estas son relativamente abundantes. As dúas recollidas neste ano, súmanse as cinco xa existentes, e se sumamos algunha peza dubidosa fan que O Facho con nove exemplos sitúese nun lugar intermedio, entre os máis destacados e aqueles outros no que a presenza redúcese a unha ou dúas pezas<sup>14</sup>. Coa peculiaridade que en todas as manifestacións ímonos mover no eida da considerada como “decoración arquitectónica, e caseque exclusivamente nos apartados do que ven sendo definido como “couzóns” e os “amarradoiros”.

Trátase neste caso de dous exemplares do que na plástica castrexa e dentro do apartado da decoración arquitectónica é coñecido como “amarradoiro”<sup>15</sup>, dos que no Facho xa contábamos con dous exemplos. O primeiro deles é unha peza de pequenas dimensións (lonx. máx.: 20, 5 cm; altura máx.: 12,8 cm.) e coidada elaboración sobre unha pedra de granito local. Presenta unha base, que iría encastrada no muro, de forma prismática, algo tosca e con aristas curvas, da que sae o cóbado de factura máis coidada, morfloxía troncocónica algo curvada e remate tamén curvo. O vástago acobadado ten a parte horizontal cilíndrica e curta, e a vertical tamén curta pero cónica. Carece de decoración, pero temos que insistir no bo tratamento xeral da peza. Apareceu no nivel 3, que corresponde ó nivel de abandono da ocupación castrexa, descansando directamente sobre un batolito granítico que se dispón ós pes do segmento sueste da estrutura XX, asociado a base do derrubo da mesma: inmediato o asento sobre o rochedo da bancada exterior de dito muro, tiña perto unha pesa de colmo partida e o seu carón unha serie de pedras que pola súa disposición semellan ter caído en bloque do muro: todos indicios de que estaría orixinalmente na parte alta do muro.

A segunda peza apareceu non moi lonxe da anterior, pero agora vinculada posicionalmente a outras estruturas, polo que a contextualización arquitectónica da peza ten que quedar en suspenso; mentras no que a estratigrafía se refire estamos diante dunha área de forte pendente e, polo tanto, bastante alterada, co que ten desaparecido boa parte do derrubo e do que está asociado a el, ambos expresión dos movementos postdeposicionais que afectaron a todo o xacemento. En definitiva, a peza semella asociada a un horizonte no que se mesturan derrubes e terra negra, aparecendo na base do mesmo e, polo tanto, puidera corresponder, coma no caso anterior, ós momentos iniciais do proceso de derrubamento da estrutura da formaba parte. Este segundo “amarradoiro” ten maiores dimensións (lox. máx: 23 cm.; anch. Máx.: 20,4 cm.) e unha factura mesmo máis coidada co anterior. Agora a parte horizontal é algo máis longa e ten claramente diferenciada a parte para introducir no muro: forma prismática e maior anchura, pero ben traballada agás no seu remate. A parte acobadada está

<sup>14</sup> Cf. CALO LOURIDO, F., (1994): 664.

<sup>15</sup> CALO LOURIDO, F. (1994): 753-754.



constituída polo cóbado e o saínte vertical que ten forma cilíndrica e remata en bisel. Unha particularidade apreciable a simple vista e a presenza dunha pequena nervadura na cara externa do cóbado, o que nos remitiría a un “amarradoiro” decorado. Sen embargo, esa suposta decoración vai máis alá cando observamos con detimento a peza, pois deseguida notase a presenza de dous pequenos puntos colocados simetricamente a ambos lados do cóbado e que apenas destacan no piquetado co que se labrou a peza. Uns puntos que en realidade están enmarcados por pequenos círculos, e mesmo nun dos lados pódese apreciar un trazo curvo que corre parella ó segmento superior do motivo circular. Outro pormenor a salientar e a presenza dun lixeiro resalte no que sería unha metade da circunferencia que define a superficie plana e disposta en bisel na que remata a peza.

Todos eses rasgos e, especialmente, a súa combinación transforman este “amarradoiro” nunha cabeza zoomorfa, dunha maneira que destaca pola súa sutileza, pero tamén por unha contundencia, que nos permite mesmo ir máis alá e con total seguridade na lectura iconográfica para falar dunha cabeza de porco ou mellor, pola presenza da creste, de xabarín. Unha iconografía que nos leva a preguntarnos si a primeira peza non poidera ter unha lectura iconográfica tamén de carácter zoomorfa, en concreto herpetomorfa, dada a súa morfoloxía e a súa vinculación cunha arquitectura onde temos varias representacións con esa mesma posible identificación. Esta relación entre “amarradoiros” e representacións zoomorfas xa foi insinuada, a partires dalgúns dos moitos exemplos coñecidos<sup>16</sup>. Agora o que propomos é unha reinterpretación dos mesmos como “prótomos” de animais, modificando así tamén a súa interpretación funcional e mesmo a súa conceptualización, agora dentro do escultórico e non do decorativo. Por outra banda, a contextualización dos casos rexistrados no Facho contradicen a funcionalidade xeralmente atribuída e razón do nome co que se coñecen: pezas para amarrar animais, posto que asocianse a parte alta da parede externa de edificios que, ademáis, serían de difícil acceso, pola súa posición sobreelevada e dada a estreitez dos espazos que os circundan.

### **A outra plástica castrexa**

A achega máis sorprendente da intervención do 2008 no apartado da arte foi a incorporación de elementos novidosos para o coñecemento das expresións artísticas castrexas, como xa o é o “amarradoiro” que vimos de describir, non tanto pola peza en si, relativamente abundante no repertorio castrexo, nin polo que representa, máis escaso pero igualmente existente, senón pola súa concepción e tamén execución. É esas son as mesmas premisas que definen os novos elementos. En particular o máis destacado e sorprendente: o cipo decorado da estrutura XX, do que xa fixemos unha descrición o referirnos a dito edificio. De novo unha forma xeométrica simple, de novo uns trazos tenues que definen de xeito sinxelo e esencial unha figuración que agora resulta máis problemática iconográficamente e carece de paralelos tanto no Facho como na cultura castrexa en xeral. Unha figuración que representa unha cabeza, con ollos amendoados e oblicuos dos que sae un pequeno trazo recto, ubicados simetricamente a ambos lados do cipo; e o cabelo? a base de liñas horizontais paralelas que cobren aproximadamente a metade superior da parte posterior, aquela que mira ó muro do edificio. Esa imaxe apenas insinuada no cipo dispónse mirando cara ó exterior da estrutura, en dirección norte, pero fronte a ela aparace o muro do vestíbulo.

Unha figuración que non permite ir máis alá na súa identificación iconográfica, pois resulta problemático definir si se trata dunha representación antropomorfa ou zoomorfa: os ollos teñen paralelos nas representacións de ofidios en adornos metálicos, pero as liñas nunha posición que podería respostar ó cabelo nunha figuración antropomorfa, ou a mesma disposición da figuración, plana e frontal fai pensar nesa segunda posibilidade; unha terceira posibilidade sería a fusión de rasgos nunha lectura iconolóxica máis complexa. A ubicación desta peza nunha posición estratéxica simbólica e visualmente –a entrada dun edificio tamén de localización e conformación moi destacada no conxunto do poboado, redonda

---

<sup>16</sup> CALO LOURIDO, F. (1994): 753-754.

na súa especificidade e importancia, tanto como no seu marcado carácter simbólico e funcións alleas o doméstico. Unha peza, en fin, que permite recuperar outra de características semellantes, aínda que non conserva ningún rasgo insculpido, quizais por ter aparecido descontextualizada e en superficie, definindo así un tipo de novo na plástica castrexa, como serán estes cipos levemente troncocónicos, nos que, como acontece nos “amarradoiros” poden recibir rasgos grabados nas súas superficies que poidan ter interpretación iconográfica.

O outro elemento que xustifica a apertura deste apartado dentro das manifestacións plásticas do Facho ten máis problemática definición, pois trátase de pedras apenas traballadas, aproveitadas pola súa forma natural, estreita e apicoada nos dous extremos, que permitía chantalas de pe. Así aparece a mencionada para a estrutura VII, onde como víamos asociase a unha compartimentación complexa do edificio. Así aparecía xa na estrutura (campaña de 2007), alí dentro de un gran edificio dividido interiormente en dúas metades. Lembra ós betilos, aínda que neste caso teríamos que falar de “betiloides”, pois difiren moito das pezas que con esa identificación aparecen en contextos castrexos con forte influencia mediterránea, coma os sinalados para o Castro do Muiño do Vento (Alcabre, Vigo)<sup>17</sup>. Aínda en relación a ambas manifestacións e quizais como fórmula intermedia están o que en na bibliografía portuguesa coñécese como “columnelos”, exemplos dos caes aparecen entre os derrubos do Facho con distintos tamaños e factura, aínda que sempre redundando nunha forma estreita e alongada con tendencia ó troncocónico<sup>18</sup>.

Fora da plástica, pero aínda dentro do eido das representacións en soporte pétreo, estaría o gravado serpentiforme que volve a aparecer vinculado o edificio XX. A condición de inscultura en pedra levaríanos a integralo no problema que ese tipo de manifestacións teñen no ámbito castrexo<sup>19</sup>. Sen embargo, tanto a técnica empregada neste caso, como tamén a súa contextualización, motiva a consideralo máis en relación coa plástica, aínda que no ámbito difuso da decoración arquitectónica, que cos grabados propiamente ditos. Pois, de novo enfrontarmos unha representación mediante unha incisión moi tenue, apenas perceptible, que debuxa de maneira esencial unha serpe: liña ondulante para o corpo e apenas un simple punto para a cabeza. Unha representación que non aparece nun soporte natural e ó exterior, senón nunha estrutura e dentro dun edificio. Unha situación que ten o seu mellor paralelo no castro de Troña, onde coincide non só a iconografía, senón a técnica e o contexto, tanto arquitectónico como o cronolóxico<sup>20</sup>.

Agora, aínda que no mesmo edificio co cipo, o contexto é distinto: no interior da construción e sobre unha estrutura en forma de repisa ou pedestal, que comeza a ser relativamente común no Facho, pero para a que non temos datos que nos permitan interpretala funcionalmente. Se a primeira presentase como representación autónoma, concibida para e por si mesma, aínda que non poida desligarse do seu entorno inmediato, esta segunda forma parte de xeito directo dunha realidade estrutural máis complexa, polo que a súa función será cumprir un papel en relación a esa realidade. Será o estudo en detalle dos poucos datos con que contamos para entender estas plataformas –das que máis dunha vez insistimos no seu alonxamento da idea de fogar ou semellante- o que nos permitirá achegarnos a iconoloxía deste pequeno gravado. Cabe adiantar que a inclusión dun elemento coa carga simbólica que ten a serpe, unido a falta dunha intención de destacar visualmente a representación, lévanos a pensar nunha función nin doméstica nin estética do conxunto, e como xa acontecía coa descuberta na estrutura XXIX, aí pola presenza dun pequeno depósito votivo configurado por un puñal e un coitelo, sinala para un uso probablemente ritual destas plataformas pétreas.

---

<sup>17</sup> SUÁREZ OTERO, J. (2004): 40.

<sup>18</sup> O chamado “cipo” de Toralla é un bo exemplo, cf. SUÁREZ OTERO, J. (2004): 40. Os atopados no Castro das Ermidas expresarían esa diversidade e unha ubicación no exterior dos edificios (QUEIROGA, F.M.V.R., 2005: 162).

<sup>19</sup> REY CASTIÑEIRAS, J. - SOTO BARREIRO, M<sup>a</sup>. J. (2001): passim.

<sup>20</sup> REY CASTIÑEIRAS, J. - SOTO BARREIRO, M<sup>a</sup>. J. (2001): 170, 175 e 181.

## O FACHO: CARA UNHA ARQUEOLOXÍA DA RELIXIÓN CASTREXA

Pensada nun principio como unha campaña de transición e centrada nun área que entendíamos tamén de transición na propia conformación do que viñamos considerando poboado castrexo, ademais de presentar problemas de conservación do rexistro, a intervención do 2008 resultou especialmente rica en información de diverso tipo, chegando a ser clave e mesmo sorprendente nalgún intre. No estrutural atopámonos cunha reiteración dunha disposición planificada e consecuenta coa conformación do terreo a ocupar, mesmo sacándolle o maior partido, sen faltar tampouco as intervencións necesarias para a adecuación do mesmo na optimización do seu aproveitamento: unha serie de construcións de planta circular dispostas en liña e en paralelo ás que aparecen o outro lado do muro de aterramento da croa. Unha disposición lineal que contrasta, sen embargo, co agrupamento ó redor dun espazo central que aparece na parte inmediata, aínda que a cota inferior, do poboado. Existe así unha preocupación urbanística fronte da complexidade da topografía. Máis destacable é a presenza de novo de alternativas á planta circular e edificios complexos, ben por dispor dun vestíbulo, ben, especialmente, pola compartimentación en varios espazos, moitas veces reaproveitando e reinterpretando estruturas anteriores amortizadas. Unha compartimentación que recolle tamén a existencia de estruturas interiores, unhas veces en forma de restos pétreos, outras como negativos de estruturas, quizais en materiais precedeiros desaparecidas, e finalmente aquelas que non se proxectaban en altura, como as fosas e similares.

Pero, sen dúbida, o máis novidoso dentro desa especie de plano “micro” do estrutural é a presenza de estruturas interiores na meirande parte dos edificios escavados, que seguro teñen moito que decir en canto a función dos mesmos, e a reiteración desa peculiaridade semella remitirnos a unha área do poboado cunha funcionalidade específica. Referímonos as repisas rectangulares que dispoñen realizadas con respecto ó pavimento e contra o segmento S-SE das estruturas afectadas; todas elas sen evidencias que axuden a definir o seu uso, pero permitindo descartar a súa interpretación como fogares. O coidado dalgunha das pedra que as conforman, ademais da presenza nunha delas dunha inscultura serpentiforme, sinalan a importancia deste elemento estrutural, do que xa existía un posible precedente na estrutura semellante que aparecera no edificio XXII, aínda que alí nunha arquitectura algo diferente dadas as súas maiores dimensións e presenza doutros elementos estruturais, como fosas, a presenza tamén de restos de ter sido utilizado como fogar, pero, o máis relevante, a aparición dun depósito intencional composto por un coitelo e un puñal. Esa complicación estrutural, con restos de pequenos muretes de difícil definición, e máis aínda, interpretación, aparécenos nesta campaña dentro do edificio VII, aínda que neste caso semellan claramente fragmentar o edificio internamente, ademais de presentar unha pequena pedra fincada, elemento este que xa aparecera no edificio XLIV<sup>21</sup>, tamén vinculado a unha división interna do propio edificio.

Un primeiro achegamento a interpretación funcional desas plataformas lévanos a pensar en dúas posibilidades, a plataforma como base para a realización de algún tipo de actividade que a requirise, ou como sostén doutro ou doutros elementos hoxe desaparecidos. No primeiro caso e atendendo o acontecido na estrutura XXII todo apunta a realización de sacrificios rituais, aínda que a carencia de restos de presenza do lume nas que aquí tratamos remitiríanos a actividades rituais doutro tipo. En definitiva, sería interpretalas como “altares”, dun tipo que é coñecido noutros ambitos da protohistoria peninsular. No caso de funcionar como soporte, caben aínda outras dúas posibilidades, que o sexan para un elemento fixo e permanente, ou para elemento/os moveis. A espera de atopar algunha evidencia para a primeira, optamos pola segunda, que dentro do marco ritual que semella nos movemos definiría as plataformas como posibles “mesas de ofrendas”, para as que volta a haber paralelos na protohistoria peninsular, onde tamén se manifesta esa ambigüidade entre esa identificación e a de

---

<sup>21</sup> Campaña do 2007.

“altar”<sup>22</sup>. A posible existencia de varias desas microestruturas dentro dun mesmo espazo mesmo podería falar dunha plurifuncionalidade para as mesmas, que estaría tamén implícita na diferencias formais e constructivas que presentan.

O outro elemento reiterativo son o que xenéricamente definimos como “fosas”. Nelas, coa diversidade de tamaño, forma e posición, a idea de plurifuncionalidade non ofrece dúbidas. As fosas como receptáculos para recibir depósitos de materiais orgánicos ou obxetos fronte ás fosas como posible negativo de estruturas en materiais percedeiros que se erguían dentro dos edificios. Pero, tamén, fosas como posible alter ego das “plataformas”, especialmente aquelas de escasa profundidade pero amplias en superficie, con fondos compartimentados e achegadas as paredes, como as plataformas, ou ocupando unha posición central, preeminente, no interior dos edificios. Esta derradeira posibilidade ten a súa máxima expresión na fosa central do edificio VII e lembra as fosas de funcionalidade ritual/cultural que, como xa acontecía coas plataformas, aparecen en santuarios protohistóricos da península, ou que lembran ó “autel creux” dos santuarios galos<sup>23</sup>, en ambos os dous casos interpretados como “altares” que se desenrolan en profundidade e non en altura, o que sería o caso das plataformas, e con clara presenza tanto mediterráneo oriental: o *eschara* grego, como no mundo itálico: o romano *scrobiculus*.

No referido a plástica, atópamonos primeiro coa súa estreita relación coa arquitectura, definindo contextos e mesmo ubicacións máis precisas do que ata agora era coñecido. Amplíase o espectro de posibilidades tanto técnica como formais nas expresións desa plástica, ó tempo que se redefine unha das expresións máis comúns na mesma, os chamados “amarradoiros”, cunhas solucións que semellan estar a medio camiño entre os exemplos de “amarradoiros” máis simples e as representacións de prótomos de animais, que so coninciden con aqueles no feito de ir empotrados nunha parede. Trátase, pois, dunha nova visión dunha parte da escultura castrexa, na que converxen distintos aspectos materiais, como execución, morfoloxía ou contextualización, permitindo unha revisión do conceptual en pezas que expresan unha estética aparentemente simple na execución pero non tanto no significado. No son xa elementos funcionais dentro do arquitectónico, senón que adquiren un carácter representativo, toda vez que respostan a unha iconografía apenas esbozada pero definida e identificable, e integranse, as veces mesmo de xeito destacado, na parte visible desas arquitecturas insistindo nunha identidade específica de cada un dos edificios nos que se integran. O feito de que eses edificios presenten estruturas interiores, as veces tamén con representacións, que os separan funcionalmente das construcións de carácter doméstico e o que noutras áreas peninsulares se relaciona co cultural, ademáis de outras características estranas tamén o habitual na propia cultura castrexa, redunda nunha posible interpretación desas expresións plásticas como parte activa da definición de arquitecturas sacras. Arquitecturas que, non debemos esquecer, manifestan unha clara preocupación por diferenciarse tamén exteriormente no conxunto do caseiro, aproveitando mesmo condicións do terreo moi desfavorables para a súa implantación, pero revertindo as dificultades en maior presenza no entorno: é paradigmático a ubicación da estrutura XX enriba da penedía granítica.

En consecuencia o conxunto disposto na parte máis elevada da ladeira ocupada polo castro de O Facho, expresa unha serie de condicións peculiares no contexto da arqueoloxía castrexa que afectan especialmente a definición da arquitectura que poderíamos resumir en complicación interior e preocupación pola imaxen exterior, no que a plástica xogará un papel destacado. Condicións ámbalas dúas que afastan a esa arquitectura das actividades de carácter doméstico ou ás que se lle asocian, para abrir un novo cauce interpretativo que apunta a actividades de carácter ritual e/ou cultural ata o de agora descoñecidas para a cultura castrexa. Noutros termos: un conxunto de edificios, contextos, e obxetos onde pesa máis o representativo, as veces directamente o simbólico, co funcional, como trasunto material de sistemas de accións, hábitos e mesmo xestos vinculados ó ámbito do cultural e simbólico, posibilitando

<sup>22</sup> MONEO, T. (2000): 354-356.

<sup>23</sup> Para a Península Ibérica, cf. MONEO, T. (2000): 354; para o territorio galo cf. BRUNEAUX, J.-L. (2000): 95-97; VAN ANDRINGA, W. (2002): 94-96.

un achegamento arqueolóxico a materialidade derivada do mesmo<sup>24</sup>. Actividades que, ademais, semellan proxección ás outras áreas excavadas no Monte de O Facho, convertíndo a ese castro nun posible referente para o achegamento arqueolóxico a ámbito das creencias e as prácticas relixiosas na cultura castrexa.

## BIBLIOGRAFÍA

- ALMEIDA, C.A. F. (1984), A casa Castreja, Memorias de Historia Antigua VI, 35-42.
- BARCIELA, P. - SUÁREZ OTERO, J., ed. (2005), *Para o deus Berobreo. Aras do Santuario de Donón no Museo Municipal de Vigo (Vigo)*.
- BRUNEAUX, J.-L. (2000), *Les religions gauloises. Nouvelles approches sur les rituels celtiques de la Gaule indépendante*. Editios Errance (Paris).
- CALO LOURIDO, F. (1994), *A Cultura Castrexa (Vigo)*.
- CALO LOURIDO, F. (1994), *A Plástica da Cultura Castrexa Galego-Portuguesa*, 2 vols. (A Coruña).
- FARIÑA BUSTO, F.; SUÁREZ OTERO, J. (2002), El santuario galaico-romano de Donón, *Boletín Auriense* XXXII, 25-52.
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. (2006-2007): *Galaicos. Poder y Comunidad en el Noroeste de la Península Ibérica (1200 a.C.-50 d.C.)*, vols. I y II. Brigantium 19 (A Coruña).
- GONZÁLEZ RUIBAL, A. - RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, R. (2006), Cerámica indígena y de importación, in Aboal, R. - Castro, V., ed., *O Castro de Montealegre (Moaña, Pontevedra)*, Serie Keltia 37 (Noia), 145-188.
- KOCH, M. (2005), El santuario dedicado a Berobreo en el Monte do Facho (Cangas, Galicia), *Acta Paleohispanica* IX (Zaragoza 2005), 823-835.
- KOCH, M. - SCHATTNER, Th. G. - SUÁREZ OTERO, J. (2014), Weihaltäre im Heiligtum des deus Iar Berobreus auf dem Monte Facho (O Hio, Galicien), in A. Busch und A. Schäfer ed., *Weihaltäre in Kontext (Friedberg)*, 249-268.
- LLINARES GARCÍA, Mar (2014), Los lenguajes del silencio. Arqueologías de la religión (Madrid).
- MONEO, Teresa (2003), *Religio Iberica. Santuarios, Ritos y divinidades (Siglos VII-I A.C.)*, Real Academia da Historia (Madrid).
- PEÑA SANTOS, A. de la (1986), *Yacimiento galaico-romano de Santa Trega. Campaña 1983*, Arqueoloxía/Memorias 5 (Santiago).
- QUEIROGA, F. M. V. R. (2005), Materiais e Técnicas Constructivas da Cultura Castreja no Entre-Douro-e-Minho, in T. Pires de Carvalho ed., *O castro, um lugar para habitar*, Cadernos do Museu, Penafiel, Museu Municipal 11 (Penafiel), 155-166.
- REY CASTIÑEIRAS, Josefa (1991-92), Cerámica indígena de los castros costeros de la Galicia occidental: Rias Bajas. Valoración dentro del contexto general de la cultura castreña, *Castrelos* 3-4, 141-163.
- REY CASTIÑEIRAS, Josefa - SOTO BARREIRO, M<sup>a</sup>. José (2001), El arte rupestre de Crastoeiro (Mondín de Basto-Portugal) y la problemática de los petroglifos en castros, en A. Dinis, *O povoado da Idade do Ferro de Crastoeiro (Mondín de Basto, Norte de Portugal)*, Cadernos de Arqueología, Monografías 13 (Braga), 159-200.
- SCHATTNER, Th. G. - SUÁREZ OTERO, J. - KOCH, M. (2004), Excavaciones en el Monte Facho (O Hio/Galicia), campaña 2003, *Archivo Español de Arqueología* 77, 23-72.
- SCHATTNER, Th. G. - SUÁREZ OTERO, J. - KOCH, M. (2005), Bericht über die Ausgrabungen auf dem Monte Facho (O Hio/Galicien), Kampagne 2003, *Madrider Mitteilungen* 46, 135-183.
- SCHATTNER, Th. G. - SUÁREZ OTERO, J. - KOCH, M. (2006), Bericht über die Ausgrabungen auf dem Monte Facho (O Hio/Galicien), Kampagne 2004, *Madrider Mitteilungen* 47.
- SCHATTNER, Th. G. - SUÁREZ OTERO, J. - KOCH, M. (2006), Monte Facho (O Hio, prov. Pontevedra) 2004. Excavaciones en el santuario de Berobreo, *Paleohispánica* 6, 9-46.
- SUÁREZ OTERO, J. (2004), Cipo de Toralla e posible altar púnico de Alcabre, in F. Singul y J. Suárez ed., *Ata os confíns do Mundo. Diálogos entre Santiago e o Mar (Vigo)*, pp. 40.
- SUÁREZ OTERO, J. (2005), Os castros máis alá do "castrexo". Continuidade histórica ou recurrencia tópica?, in T. Pires de Carvalho ed. *O castro, um lugar para habitar*, Cadernos do Museu, Penafiel, Museu Municipal 11 (Penafiel), 281-293.
- VAN ANDRINGA, W. (2002), La religion en Gaule romaine. Piété et politique (Ier-IIIe siècle apr. J.-C.), Éditios Errance (Paris).

---

<sup>24</sup> Llinares, M. (2012): 151-159.






**Fig. 1** – Monte do Facho. Vista aerea xeral e área escavada no 2008.




**Fig. 2** - Estructuras (VII e XVIII) alineadas co muro que pecha a croa do monte. Detalle da estrutura VII.





**Fig. 3** – Estructura XX. Vista xeral, detalle da repisa interior co grabado herpetomorfo e cipo cilíndrico decorado no “vestíbulo”.



**Fig. 4** – “Amarradoiros” no Monte do Facho. 1. Nos derrubos da estrutura XX. 2. “Amarradoiro” zoomorfo (Fot. Pezas: John Patersson/Instituto Arqueológico Alemán).